ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DE CASAS DE BAÑO, DUCHAS, PISCINAS E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 1º.- Concepto

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.4 ñ) da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas locais, este Concello establece a taxa pola prestación dos servicios de casas de baños, duchas, piscinas e instalacións análogas, especificada das Tarifas contidas no apartado 1 do artigo 3º seguinte, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2º.- Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza quen se beneficien dos servicios ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

Artigo 3º.- Contía.

1.-A contía da taxa será a seguinte:

CONCEPTO	EUROS
Epígrafe 1º.- Piscinas	
1.- Pola entrada persoal á piscina:	
1.1.-De persoas maiores	1,64
1.2.-De nenos, ata 18 anos	0,82
1.3.-Abono familiar pola tempada en que permaneza en servicio a piscina	32,42
1.4.-Abono individual, tamén por tempada	24,34

As presentes tarifas incrementaranse automaticamente para cada exercicio en función do IPC.

Artigo 4º.- Obrigación de pago.

1.-A Obrigación de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace desde que se preste ou realice calesquera dos servicios ou actividades especificados no artigo anterior.

2.-O pago da taxa efectuarase no momento de entrar ó recinto das piscinas.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza fiscal, cuxa modificación foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o 24 de setembro de 2009, entrará en vigor o mesmo

día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 1 de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

O Alcalde, O Secretario,